



Asociación prá normalización del galego de Asturias
Núm. Inscripción Rexistro Asociaciois de Asturias: 13241

<https://axuntar.eu/>
asociacion@axuntar.eu
[@axuntar](#)
[axuntar](#)
[_axuntar](#)



COMUNICADO

Vimos de recibir el **VI Informe de Cumprimento en España da Carta Europea de Linguas Rexionales e/o Minoritarias** (CELRN) feito público polo Consello de Europa. El pasado mes de xeneiro, el Comité de Expertos de dito organismo recibiu de maos da Doutora en Lingüística Xeral **Natalia Jardón Pérez** as alegaciois preparadas pola nosa asociación. Este Informe é un mecanismo europeo de avaliación del cumprimento da CELRM por parte dos Estados membros.

El colectivo Axuntar, Asociación prá Normalización del Galego de Asturias, celebra as consideraciois feitas por el Comité de Expertos del Consello de Europa nel sou informe, onde **a nosa lingua queda reconocida como “gallego -Galician- (chamado gallego-asturiano) en Asturias”**. Os expertos europeos instan al goberno asturiano a:

1. **“reconocer el gallego-asturiano como lingua oficial nel Estatuto de Autonomía del Principado de Asturias.”**
2. **“cooperar coas comunidades autónomas vecías unde se fale galego.”**

Al escoller os nomes *galego* e *gallego-asturiano* pra denominar a nosa lingua, el **Consello de Europa posiciónase a favor da lei, del consenso científico e das reivindicaciois del colectivo Axuntar, e en contra das pretensiois del Principado e da Academia de la Llingua Asturiana (ALLA) de normalizar el vocábulo ilegal eonaviego.**

El Consello de Europa señala ademais que el Principado incumple a Carta Europea nel sou artigo 7.1.e, **“al non existir vínculos oficiales entre falantes de galego**

(chamado gallego-asturiano) en Asturias e falantes de galego en Galicia e León.
(cita textual)

Tamén señala Europa os incumprimentos del Principado no respectivo ás diferentes etapas educativas, con pouca ou nula oferta de *galego-asturiano* e recomenda incrementar a presenza del *gallego-asturiano* nos medios.

Destacamos desde Axuntar a referencia al “... ***galego (chamado gallego-asturiano) nel Principado de Asturias***” como **glotónimo único** neste informe, **desaparecendo el glotónimo eonaviego**, defendido polas autoridades político-lingüísticas asturianas nas súas alegacións ante el Comité de Expertos. Ese feito coincide coel tratamento que se dá al “... *occitano (chamado aranés) na Comunità Autónoma de Cataluña*” e al “... *catalán (chamado valenciano) na Comunità Valenciana*.” Este Informe, por tanto, supón úa **grave reprobación ás autoridades lingüísticas asturianas e ás súas políticas negacionistas** contra a Asturias galego falante.